

XXIII EDICIÓN DO PROGRAMA VOZ NATURA (2019-2020)

PROXECTO

*"CONSTRUIMOS UN MUNDO SEN
PLÁSTICOS"*

CEIP JUAN REY DE LOURENZÁ

I. INTRODUCCIÓN

Este curso tratamos de concienciar á comunidade educativa da importancia que ten a redución do consumo de plásticos.

II. OBXECTIVOS

O obxectivo fundamental deste proxecto é **concienciar á comunidade educativa sobre a necesidade de reducir o consumo de plásticos.**

En concreto hai unha serie de obxectivos de aprendizaxe para os nosos alumnos en relación coa protección do planeta:

- Concienciar aos nenos da importancia de reducir ou controlar a cantidade de residuos que van a parar aos vertedoiros e polo tanto reducir a contaminación do planeta e o gasto que ocasiona a eliminación do lixo.
- Implicar a toda a comunidade educativa no proxecto, a través do interese despertado nos propios nenos para que poida ter un reflexo na actuación dos adultos nas súas casas.

III. PLAN DE TRABAJO

O plan de traballo consta de dúas partes. A primeira, un experimento no comedor do colexio. Anotamos o número de botellas de auga que se consumían durante 5 días e concienciamos aos nenos de que procuraran botar só a auga que ían beber e non deixasen os vasos cheos. Despois de tres semanas falando o tema na aula, voltamos a contar o número de botellas consumidas. Os resultados foron os seguintes:

	<i>Nº de botellas consumidas</i>	
	Semana (7-11)/10	Semana (18-22)/11
Luns	19	15
Martes	16	9
Mércores	18	17
Xoves	14	13
Venres	25	17
TOTAL	92	71



A segunda parte do plan de traballo consistiu na elaboración dun mural sobre os danos que ocasionan nos océanos o mal tratamento dos residuos plásticos:



IV. CONCLUSIÓNS

Coa elaboración deste proxecto, logramos que a comunidade educativa do noso centro se concienciase sobre o problema que ocasionan actualmente os residuos plásticos.

Ademáis, os resultados do experimento foron positivos, logrando reducir o consumo diario de botellas. Os nenos tamén amosaron un gran nivel de implicación na elaboración do mural.

*** Pola situación provocada pola COVID-19, continuaremos con máis actividades relacionadas con este proxecto, no comezo do vindeiro curso.

Lourenzá, a 15 de xuño de 2020